

CERTIFICADO

Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense
CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria realizada o día 31 de xaneiro de 2020, adoptou, co voto favorable do Grupo Popular (incluído o voto por correo de don Pablo Pérez Pérez, 12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o seguinte acordo:

Modificación dos créditos orzamentarios do orzamento do exercicio 2020 mediante a concesión de crédito extraordinario n.º 1/2020.

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente n.º 1/2020, co seguinte detalle:

Créditos extraordinarios. Gastos de investimentos:

Aplicación	Expresión	Importe
433.00/831.00	Desenvolvemento empresarial. Préstamo a longo prazo	332.770,98 €

Recursos utilizados:

Remanente de Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	332.770,98 €
--	--------------

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, na data da sinatura electrónica deste documento.

